



BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA O DESEÑO DO CARTEL DO DÍA 9 DE MAIO "DÍA DE EUROPA". Primeira Edición ano 2026.

Con motivo da conmemoración do Día de Europa, cada 9 de maio, celébrase a paz e a unidade en Europa. Esta data marca o aniversario da histórica «Declaración Schuman», en 1950, na que este ministro francés expuxo a súa idea dunha nova forma de cooperación política en Europa, que faría inconcibible a guerra entre nacións europeas, cinco anos despois de finalizar a Segunda Guerra Mundial, momento no que as nacións europeas aínda estaban a loitar para superar os seus estragos.

A proposta de Schuman considérase o comezo do que hoxe é a Unión Europea.

OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso é fomentar a comunicación e a difusión sobre a Unión Europea e os fondos europeos nos centros educativos de Galicia, de cara a dar a coñecer a importancia da Unión Europea e especialmente da política de cohesión. Trátase de difundir entre a rapazada e mocidade galega nos centros educativos os logros obtidos a través dos fondos europeos, especialmente a través da política de cohesión europea, cuxa finalidade é promover un desenvolvemento harmonioso en todo o seu territorio, para que a Unión Europea fortaleza a súa cohesión económica, social e territorial para reducir as disparidades entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións europeas.

En 2025 conmemorouse o 40º aniversario da adhesión de España á Unión europea, polo que existe xa unha traxectoria e historia europeísta, que arrincou no ano 1986, cos primeiros programas de fondos europeos. En Galicia, desde 1986 ata finais de 2030, Galicia percibiría en global máis de 32.000 M€ de axudas comunitarias, dos que o 65% correspóndense con asignacións dos fondos estruturais da Política de Cohesión.

A Política de Cohesión, ou Política Rexional Comunitaria, é o conxunto de directrices definidas pola Unión Europea co fin de reducir as diferenzas estruturais entre as rexións da Unión e fomentar o desenvolvemento equilibrado do territorio comunitario e a igualdade de oportunidades entre as persoas.

Fundaméntase sobre os principios de solidariedade e cohesión económica.

A Política de Cohesión 2021-2027 apoia as prioridades da UE concretadas en cinco obxectivos políticos:

- a) unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións;
- b) unha Europa máis verde, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente;
- c) unha Europa máis conectada, mellorando a mobilidade;
- d) unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais;
- e) unha Europa máis próxima á cidadanía, fomentando o desenvolvemento integrado e sustentable de todo tipo de territorios e iniciativas locais.



A Política de Cohesión desenvólvese a través dos seguintes instrumentos:

- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para investir no desenvolvemento social e económico de todas as rexións e cidades da UE
- Fondo Social Europeo Plus (FSE+) para apoiar o emprego e crear unha sociedade xusta e socialmente inclusiva
- Fondo de Transición Xusta (FTX) para apoiar ás rexións máis afectadas pola transición cara á neutralidade climática.
- Fondo de Cohesión (FC), para investir no medio ambiente e transporte nos países menos prósperos da UE, aqueles que teñen unha renda nacional bruta (RNB) *per cápita* inferior ao 90% da media da UE-27. *España recibiu recursos deste fondo por última vez no período 2007-2013.*

Estes fondos canalízanse principalmente a través de diferentes programas definidos en función das prioridades da UE. Os principais fondos europeos que se xestionan na Comunidade Autónoma de Galicia son:

- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder)
- Fondo Social Europeo (FSE)
- Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa)
- Fondo de Transición Xusta (FTX)

Galicia inicia a súa participación nos fondos europeos a finais dos anos 80 do século XX coa adhesión de España á Comunidade Económica Europea en 1986 á que seguirían varios marcos financeiros plurianuais ata o actual período de programación europea 2021-2027. Inicialmente financiáronse infraestruturas básicas, redes de transporte e enerxía, e posteriormente impulsáronse actuacións para a mellora da competitividade do tecido produtivo o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, a sociedade da información, o fomento da iniciativa empresarial e mellora da adaptabilidade de persoas traballadoras, empresas e empresarios/as, o fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre home e mulleres, o aumento e mellora do capital humano e a promoción da cooperación.

BASES DO CONCURSO

1. Participantes

1.1. Participación:

Poderán participar no concurso os centros educativos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO) ou educación especial, a través do alumnado matriculado nesas ensinanzas, baixo a titorización do profesorado do centro.

Cada centro educativo actuará como responsable da presentación dos traballos e da relación coa organización do concurso.





1.2 Presentación individual ou presentación en grupo:

A participación do alumnado poderá realizarse de xeito individual ou en grupo.

Participación individual: o cartel será realizado por un/unha único/a alumno ou alumna, baixo a titorización dunha ou dun docente do centro.

Participación en grupo: os carteis poderán ser realizados por equipos formados por un máximo de oito alumnos e alumnas, baixo a coordinación e titorización dunha ou dun docente do centro.

No caso de participación individual, o alumnado autor será considerado, a todos os efectos, como equipo unipersoal.

Coa finalidade de promover o traballo colaborativo e interdisciplinar, valorarase que a elaboración do cartel forme parte dun traballo global desenvolvido no centro educativo. Procurarase, así mesmo, que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenas e nenos ou mozas e mozos.

1.3 Profesorado:

Os traballos de deseño e elaboración do cartel deberán estar obrigatoriamente titorizados por unha ou un docente do centro educativo, que orientará ao alumnado participante ao longo do proceso de creación e velará polo cumprimento da finalidade educativa da actividade, así como polo respecto das bases do concurso.

2. Categorías

2.1. Categorías de participación

Establécense as seguintes categorías de participación, en función da etapa educativa do alumnado autor do cartel:

- 1ª categoría. Educación primaria: alumnado de 3º a 6º curso de educación primaria.
- 2ª categoría. Educación secundaria obrigatoria (ESO – 1º e 2º): alumnado de 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria (ESO), así como alumnado de educación especial.
- 3ª categoría. Educación secundaria obrigatoria (ESO – 3º e 4º): alumnado de 3º e 4º curso de educación secundaria obrigatoria (ESO).

2.2. Número máximo de traballos por centro

Cada centro educativo poderá presentar un máximo de dous traballos por cada categoría.

Os centros que impartan varias etapas educativas poderán participar en máis dunha categoría, sempre que non se supere o límite máximo de dous traballos por categoría.

3. Temática, características técnicas e requisitos dos traballos.

3.1 Contido





O contido do cartel deberá difundir e transmitir unha mensaxe positiva sobre a construción europea e a contribución dos fondos europeos no crecemento económico, social, igualitario, saudable e sostible de Galicia.

3.2 Formato dos traballos

A técnica e o estilo dos traballos serán libres, debendo respectar as seguintes características:

- a) Os carteis realizaranse en formato horizontal ou vertical, coas medidas DIN A3 (42 por 29,7 cm).
- b) O cartel estará dispoñible en formato papel e en formato electrónico, coa extensión JPG ou PDF.

3.3 Requisitos do cartel:

O cartel deberá incluír obrigatoriamente a frase **"9 de maio, Día de Europa"**, así como un **lema** en galego relacionado coa Unión Europea, a contribución dos fondos europeos ao desenvolvemento de Galicia e os logros acadados grazas a estes fondos.

3.4 Idioma:

Os traballos deberán presentarse en lingua galega e coidarán a calidade lingüística do produto final.

3.5 Orixinalidade e dereitos de autoría

As composicións, os lemas e o conxunto do traballo deberán ser orixinais e inéditos. Non se poderán incluír imaxes, elementos gráficos ou textos suxeitos a dereitos de autoría de terceiros, nin empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

3.6 Anonimización:

Os carteis non poderán incluír, en ningún caso, o nome do alumnado autor, do profesorado titor nin do centro educativo, nin ningunha outra referencia que permita identificar a súa autoría, sen prexuízo de que, tras o fallo do xurado, poidan incorporarse os créditos que se consideren oportunos.

3.7 Exclusión de traballos

Quedarán excluídos do concurso os traballos que non cumpran as características técnicas e os requisitos establecidos nestas bases, así como aqueles cuxo contido non se axuste á temática sinalada ou que non fosen realizados baixo a titorización do profesorado do centro educativo.

4. Presentación

4.1 Prazo:

Os centros educativos que desexen participar neste concurso poderán presentar os seus traballos desde o día seguinte ao da publicación das bases do concurso de carteis "9 de maio, Día de Europa" nas páxinas web da Consellería de Facenda e Administración Pública





([Fondos Europeos Galicia](#)) e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ata **o 23 de abril de 2026, ás 15:00 horas.**

4.2. Forma de presentación dos traballos:

Os traballos deberán remitirse á **Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos**, da Consellería de Facenda e Administración Pública.

A presentación dos carteis realizarase obrigatoriamente en dous formatos:

Formato papel: cartel orixinal, remitido por correo postal ordinario.

Formato electrónico: reprodución do cartel en formato PDF ou JPG, remitida por correo electrónico.

Ambos envíos deberán realizarse dentro do prazo establecido. Para os envíos por correo postal terase en conta a data do selo de correos. O envío en formato electrónico dentro do prazo será requisito indispensable para a admisión provisional do traballo.

Os carteis en formato papel e a documentación correspondente ao Anexo I deberán remitirse por correo postal, en sobre pechado, facendo constar no exterior a lenda "Concurso de carteis 9 de maio, Día de Europa", ao seguinte enderezo:

DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

Consellería de Facenda e Administración Pública

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

Os carteis en formato electrónico (PDF ou JPG) e a documentación do Anexo I remitiranse ao seguinte enderezo de correo electrónico:

dxfondos-estudios.facenda@xunta.gal

O envío por correo electrónico non exime da obriga de presentar o traballo en formato papel, nos termos indicados neste apartado.

4.3. Ficha anexa explicativa:

Xunto coa presentación do traballo deberá achegarse unha ficha técnica, segundo o modelo recollido no Anexo I destas bases, que conterá a seguinte información:

- Categoría na que participa.
- Nome e apelidos do alumnado autor ou autores.
- Etapa educativa e curso escolar.
- Profesorado que titorizou a obra.
- Nome do centro educativo, enderezo completo, teléfono e correo electrónico.
- Persoa de contacto, teléfono e correo electrónico.
- Memoria breve, na que figure o lema do traballo (que deberá coincidir co que aparece no cartel) e na que se explique o proceso de elaboración e o significado da composición presentada (máximo 1.000 palabras).



A documentación do Anexo I presentarase separadamente do cartel, conforme ao establecido no apartado relativo á anonimización dos traballos.

5. Criterios de valoración

Para a selección dos traballos gañadores en cada categoría, o xurado valorará os carteis presentados atendendo aos seguintes criterios:

- a) Transmisión da mensaxe europea: capacidade do cartel para transmitir unha mensaxe positiva sobre a Unión Europea, os seus principios e valores, así como sobre os fondos europeos e os logros acadados en Galicia.

Pode resultar de interese a información contida nas páxinas web :

Galicia: [Fondos europeos Galicia](#) .

[Acto de lanzamento del Programa FEDER Galicia 2021-2027 - Fondos Europeos - Liferay](#).

[Acto de lanzamento del Programa FSE+ Galicia 2021-2027 - Fondos Europeos - Liferay](#)

España: [Fondos Europeos España](#)

Unión Europea: https://european-union.europa.eu/index_es

Comisión Europea: https://commission.europa.eu/index_es

- b) Adecuación ao Día de Europa: coherencia da mensaxe co significado do 9 de maio, Día de Europa, e a súa adecuada integración coa imaxe gráfica do cartel.

- c) Calidade técnica e creativa: calidade plástica, técnica empregada, orixinalidade e creatividade do cartel.

- d) Participación do alumnado: grao de implicación activa do alumnado no proceso de elaboración do traballo.

Os criterios anteriores ponderaranse do seguinte xeito:

Mensaxe e contido europeo: ata o 40 %.

Adecuación ao Día de Europa: ata o 20 %.

Calidade técnica, orixinalidade e creatividade: ata o 30 %.

Participación activa do alumnado: ata o 10 %.

6. Xurado

6.1 Composición

Para o ditame dos premios constituirase un xurado integrado polas seguintes persoas:

- Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, ou persoa en quen delegue.





- Vicepresidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.
- Vogalías:
 - unha persoa en representación de cada unha das subdireccións xerais da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública;
 - unha persoa en representación da xestión do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) na Consellería do Medio Rural;
 - unha persoa en representación da xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA);
 - unha persoa en representación da xestión do Programa Interreg Galicia–Norte de Portugal;
 - unha persoa en representación da Fundación Galicia Europa;
 - unha persoa en representación da coordinación do grupo técnico de I+D+i no marco da Comisión Interdepartamental de I+D+i da Xunta de Galicia.
- Secretaría: unha funcionaria ou funcionario da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, que actuará con voz pero sen voto.

6.2 Imparcialidade

Para garantir a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade do alumnado nin dos centros educativos participantes. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos fará chegar os carteis ao xurado e custodiará a documentación identificativa ata a resolución do concurso.

6.3 Funcionamento

O xurado considerarase validamente constituído cando concorra a maioría das persoas que o integran.

Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e, en caso de empate, decidirá o voto da presidencia.

6.4 Ditame

O ditame do xurado será inapelable. Correspóndelle, así mesmo, interpretar as bases do concurso, determinar as normas do seu funcionamento e declarar deserto algún dos premios, de ser o caso.

7. Premios

7.1. Cantidade de premios

Concederanse dous premios por cada categoría.

7.2. Contido dos premios

Cada premio consistirá en:





- Un diploma acreditativo para o alumnado e para o centro educativo.
- A publicación e difusión do cartel nas páxinas web da Xunta de Galicia de fondos europeos.
- Un cheque regalo para cada alumno ou alumna integrante do equipo gañador, para investir en material didáctico, deportivo ou tecnolóxico no comercio local, valorado en 100 € para o primeiro premio e 50 € para o segundo premio.
- Exposición dos carteis premiados na sede da Xunta de Galicia e nas sedes das xefaturas territoriais, en conmemoración do Día de Europa, e incorporación destes a unha mostra que se exhibirá en centros educativos.

7.3. Premios adicionais

O xurado poderá conceder premios compartidos, accésit ou declarar deserto algún premio.

8. Entrega de premios

8.1. Acto de entrega

O xurado recoñecerá o valor dos carteis finalistas, do alumnado e do profesorado titor nun acto público, no que se fará entrega do primeiro e segundo premio para cada categoría.

8.2. Comunicación

O lugar, a data e a hora do acto comunicarase ao profesorado dos centros gañadores e faranse públicos na páxina web de fondos europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública e no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

9. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

10. Cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición

10.1. Reprodución e difusión

A participación neste concurso implica a cesión dos dereitos de reprodución, difusión e exposición dos carteis premiados. A Xunta de Galicia poderá, tamén, retirar ou non difundir os traballos non premiados segundo considere oportuno.

10.2. Uso institucional

O cartel premiado poderá ser utilizado como cartel institucional conmemorativo do Día de Europa ou en calquera outro evento ou publicación, sempre facendo constar a orixe do traballo.





As modificacións que se realicen respectarán sempre a integridade esencial do deseño e a autoría do traballo. A Xunta de Galicia poderá inserir os logos necesarios e realizar adaptacións que non comprometan a identidade e autoría do cartel.

10.3. Créditos

En todos os usos dos carteis premiados figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

10.4. Protección de datos

Os centros participantes serán responsables de garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos do alumnado menor de idade. A reprodución de imaxes de menores deberá estar sempre autorizada con antelación, conforme á normativa aplicable.

O alumnado e o profesorado poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade mediante comunicación á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos:

Enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15701 Santiago de Compostela.

Correo electrónico: dxfondos-estudios.facenda@xunta.gal

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Director xeral de Cohesión e Fondos Europeos
Judith Fernández Novoa	Ángel Tarrío Tobar





ANEXO I

INFORMACIÓN OBRIGATORIA PARA ACOMPAÑAR AO TRABALLO

1. Categoría na que participa:
2. Nome e apelidos do alumnado autor ou autores:
3. Etapa educativa e curso escolar:
4. Profesorado que titorizou a obra:
5. Nome do centro, enderezo completo, teléfono e correo electrónico:
6. Persoa de contacto, teléfono e correo electrónico:
7. Lema e memoria breve que explique o significado do traballo (máximo 1.000 palabras)

